




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: Viveiro. Parroquias: San Xoán de Covas e San Cibrao de Viveiro. Extensión: 3,04 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade condicionada pola orixe tectónica da ría de Viveiro e a hidrodinámica de esteiro, é de tipo sedimentario. A frecha de Covas coa súa quilométrica praia e o seu extenso cordón dunar, atópase moi modificada polas actividades humanas. A frecha ancorouse nunha irregularidade continental que pechou o esteiro ao non erosionarse ao longo da debilidade tectónica N-S. A unidade encáixase neste corredor e o saliente continental, centrado no monte da Misericordia, de 148 m snm.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Existe unha notable diversidade litolóxica, con bandas orientadas en dirección NNO-SSO. A máis oriental alóngase dende Covas pola elevación da Congostra e A Misericordia, composta por gneises migmatizados de idade precámbrica, pertencentes ao dominio do Domo de Lugo. Cara ao O séguelles unha de cuarzoístos e filitas satinadas do silúrico adscritas ao dominio do Olló de Sapo, incluíndo os illotes dos Castelos, na praia de Covas. Unha pequena falla transformante induce unha dislocación, deixando un pequeno enclave tras Os Castelos, de cuarcitas e pedras de gra feldespáticas do dominio e idades anteriores, seguidas dunha estreita banda ao leste, anexa aos cuarzoístos, que tamén percorre toda a unidade. A parte occidental da unidade, no sector costeiro NO de San Xoán de Covas, compónena filitas do Ordovícico medio e superior pertencentes ao dominio do Olló de Sapo. Neste último sector, aparece unha banda interna de cuarcitas ordovícicas pero máis antigas. A cobertura sedimentaria compónense de sedimentos de praia e duna na área do complexo de Covas.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente termopluriométrico Cálido e Seco caracterizado por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas entre 800 mm e 1000 mm, aínda que poden chegar aos 1200 mm no alto do Pico de Vieiro (dominio Cálido-Subhúmido). Amplitude térmica media de entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Arenosoles álbicos sobre os depósitos areosos da praia de Covas. O fondo do val de escasa pendente favorece a formación de solos máis profundos do tipo cambisol eútrico mentres que nas partes altas da cunca hai umbrisoles dístricos.


#### AS AUGAS

Os arrosios de Loiba e do Cristo son as principais correntes fluviais da unidade pero mentres o primeiro discorre no seu curso final, o segundo configura un val máis amplo ata preto da súa cabeceira. Ambos os dous desaugan no complexo sedimentario da praia de Covas e sobre a masa de Augas de Transición 20467.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Aparecen diferentes ámbitos que representan senllos grupos de hábitats. As degradadas dunas de Covas presentan a potencialidade dos hábitats do grupo 21 de Dunas marítimas das costas atlánticas, coa necesidade de orientar unha protección que non existe neste sentido (estaría enmarcada no LIC Mariña Occidental). Os acantilados de San Xoán de Covas achegan o hábitat 1230, de acantilados atlánticos, pero con depósitos ao pé, inclúese o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Sen bosques de ribeira de referencia, o interese no interior céntrase en bosquetes de recolonización e algunhas masas mixtas como a que aparece na área da Congostra. Conta con cita do taxon protexido vulnerable *Limonium dodartii*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

É posible diferenciar unha zonificación en función da distancia coa fronte litoral. A primeira banda corresponde co espazo entre a Praia de Covas e a liña do ferrocarril de FEVE, ten un uso residencial ligado ao núcleo de Covas e á expansión periférica de Viveiro (unidade de Esteiro do Landro, ao E). Por detrás desta primeira orla ábrese un espazo de cultivo sobre o pequeno val do Arroio de Cristo. Este espazo corresponderíase coa agra dos pequenos asentamentos tradicionais preexistentes (Vilar, Alvarelo, etc), non obstante, aprécianse usos de edificacións contemporáneos de xeito máis intenso canto máis próximos á costa. Por último, unha terceira orla que envolve o conxunto da unidade e onde o uso predominante é o forestal como consecuencia dos labores de repoboación levados a cabo sobre as ladeiras dos relevos que pechan a unidade, o Monte A Misericordia ao leste, Pico de Vieiro ao sur, e o cordal que establece a divisoria de augas co Arroio de Loiba ao oeste.

#### MORFOLOXÍA

A primeira liña litoral responde ao crecemento de Viveiro e ao foco de atracción da Praia de Covas. Deste modo, a fronte oriental da unidade caracterízase por unha morfoloxía lineal e continua paralela á praia cunha tipoloxía de edificacións onde se distingue unha primeira liña de edificacións independentes de tipo unifamiliar ou como máximo de ata catro alturas, e inmediatamente detrás, bloques lineais de maior altura. Na fronte occidental, sobre a Punta Sacido, localízase o heteroxéneo núcleo de Covas cun evidente crecemento cara á costa con edificacións turísticas de gran volume que chegan ata o bordo do acantilado. Ao sur das vías de FEVE estase a producir un proceso de ocupación mediante edificación unifamiliar illada que xera unha trama sen cohesión. Cara ao interior da unidade é onde se localizan os asentamentos tradicionais aínda que aquí tamén se perciben edificacións de carácter espontáneo á marxe do modelo preexistente.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As infraestruturas de comunicación existentes son, basicamente, as procedentes da unidade contigua de Esteiro do Landro e caracterízanse por un trazado común lonxitudinal con orientación SE-NO e localización próxima ao litoral. As dúas principais infraestruturas son a liña do ferrocarril de FEVE, cara ao interior, supoñendo unha barreira para o crecemento urbano, e a N-642, que transcorre entre os bloques que foron construídos na segunda fila respecto da Praia de Covas. Por diante de ambos os dous elementos desenvólvese o acceso rodado á citada praia. Por outro lado existen outras estradas de carácter local que comunican os asentamentos do interior apoiadas no trazado dos camiños tradicionais.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos patrimoniais catalogados como patrimonio cultural atópanse, principalmente, nas proximidades do asentamento primixenio de Covas. Así, é posible destacar o Pazo de Grallal, a Ponte Castelos, a Cruz da Coruxa ou das Mentiras, a igrexa parroquial de San Xoán, o Cruceiro de San Xoán en Escourido ou a Cruz de Carril na Mañona ou o cargadeiro. Á marxe deste patrimonio recoñecido oficialmente, ao longo do paseo marítimo de Covas existen monumentos e restos de naufragios conservados en memoria das traxedias navais que aconteceron na Ría de Viveiro. Por exemplo, na parte occidental da Praia de Covas atópanse unhas rochas sobresaíntes coñecidas como Os Castelos, onde se levanta un monumento en memoria da fragata Santa María Magdalena e do bergantín Palomo que naufragaron xuntos nunha noite de terrible temporal o ano de 1810 cunha bagaxe de 500 mortos.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da unidade vén definido por unha fachada litoral intensamente construída onde o uso predominante é o residencial e turístico en función da existencia das praias de Covas, Falla e Sacido de leste a oeste respectivamente. Aínda que o conxunto da unidade presenta unha estrutura espacial perpendicular á costa, é evidente a organización lonxitudinal do conxunto definido pola existencia dos areais costeiros que favoreceron unha disposición lineal, tanto das vías de comunicación, como dos propios asentamentos. Ademais, é necesario recordar a proximidade do núcleo urbano de Viveiro, que empregou este sector como propio para o seu crecemento urbanístico e integrándoo na súa expansión periférica.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta peza constitúe realmente o perfil visible da Ría de Viveiro, a liña característica que aparece en todas as cartografías como o fondo da ría onde desauga o Río Landro. Esa liña, está constituída principalmente pola frecha de Covas, unha praia quilométrica cun extenso cordón dunar. A importancia e singularidade ecolóxica e paisaxística das dunas de Covas deberan ser elementos suficientes como para valorar a súa protección e conservación. Ademais de Covas, o sector occidental da fronte costeira presenta un grande interese pola presenza doutras praias, como Falla e Sacido, intercaladas por puntas rochosas e illotes que outorgan singularidade e beleza ao perfil litoral. O extremo oriental da Punta Sacido atópase incluído no LIC e ZEPVN, declarados pola UE e Xunta de Galicia respectivamente, que dende este punto cobre toda a costa acantilada da fachada occidental da Ría de Viveiro. Dende o punto de vista botánico, son de interese os pequenos bosques de carballo que aínda perduran ao nordés do Monte Misericordia e próximos ao asentamento de Vilar, así como as masas de recolonización que aparecen dispersas polo espazo de cultivo. O Monte Misericordia cos seus escasos 150 metros é un estupendo outeiro dende onde contemplar non só o territorio desta unidade, se non todo o sistema da Ría de Viveiro tanto cara ao interior como cara ao horizonte mariño.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



